

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE JUSTIZIA

14113 *Real decreto 1009/2017, do 1 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, sobre constitución e funcionamento do Consello Fiscal, para facilitar a constitución de mesas electorais nas fiscalías de área.*

A Lei 24/2007, do 9 de outubro, pola que se modifica a Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, reformou a estrutura do ministerio público a través da reordenación do seu modelo de implantación xeográfica, xerárquica e funcional. Estas modificacións deron lugar, pola súa vez, á actualización producida polo Real decreto 1372/2009, do 28 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, sobre constitución e funcionamento do Consello Fiscal, que adaptou algúns aspectos relativos á organización do Consello Fiscal.

Recentemente, a Fiscalía Xeral do Estado propuxo unha nova modificación do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, tendo en conta varios aspectos modernizadores e operativos, entre os que destaca a necesidade de constituír seccións territoriais da circunscrición territorial única nas numerosas fiscalías de área creadas pola Lei 24/2007, do 9 de outubro.

Na actualidade, os artigos 15 e 16 do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, só prevén as seccións territoriais, onde se constituén as mesas electorais para elixir os vogais do Consello Fiscal, nas fiscalías das comunidades autónomas e nas fiscalías provinciais, o que supón que os votantes que prestan servizos nas fiscalías de área se teñan que desprazar en xornada laboral ás capitais onde se constituén as mesas de votación, coa eventual incidencia que isto poida ter nos servizos e outras incomodidades de orde persoal.

Este real decreto modifica os ditos artigos do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, dispón a constitución de seccións nas fiscalías de área, de modo que contén tamén coa correspondente mesa electoral, e prevé que, en caso de que a xefatura das fiscalías de área se encontre vacante, a mesa electoral será presidida polo fiscal máis antigo do cadro de persoal da fiscalía.

Con iso facilítase o exercicio do dereito ao sufraxio nas eleccións ao Consello Fiscal, tendo en conta que neste proceso electoral participan sen excepción todos os membros da carreira fiscal en servizo activo.

O Consello Fiscal emitiu informe sobre o real decreto, de conformidade co previsto no artigo 14.4.j) da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de decembro de 2017,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, sobre constitución e funcionamento do Consello Fiscal.*

O Real decreto 437/1983, do 9 de febreiro, sobre constitución e funcionamento do Consello Fiscal, queda modificado como segue:

Un. O parágrafo primeiro do artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«A circunscrición electoral será única para todo o territorio nacional e distribuirase por seccións, correspondentes a cada unha das fiscalías das

comunidades autónomas, fiscalías provinciais e fiscalías de área, que agruparán os electores destinados nelas con inclusión dos que o estean nas seccións territoriais destas. Exceptúanse as fiscalías provinciais que compartan sede coa fiscalía da comunidade autónoma respectiva, a cal integrará na súa sección os electores daquelas.»

Dous. O parágrafo primeiro do artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«Nas sedes das fiscalías mencionadas no primeiro parágrafo do artigo anterior constituirase unha mesa electoral integrada polo fiscal xefe respectivo, que a presidirá, e polos fiscais de maior e menor antigüidade do cadro de persoal da fiscalía, calquera que sexa a súa categoría. Nas fiscalías de área, de estar vacante a xefatura, presidirá a mesa electoral o fiscal máis antigo do cadro de persoal da fiscalía.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de decembro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,
RAFAEL CATALÁ POLO